<ul style="list-style-type: none"> <li>MACS1B2.3.1. Utiliza con eficacia a linguaxe alxébrica para representar situacións formuladas en contextos reais.</li> </ul>	Representa situacións formuladas en contextos reais usando a linguaxe alxébrica (polinomios, ecuacións lineais, cuadráticas, exponenciais e logarítmicas).
<ul style="list-style-type: none"> <li>MACS1B2.3.2. Resolve problemas relativos ás ciencias sociais mediante a utilización de ecuacións ou sistemas de ecuacións.</li> </ul>	É capaz de resolver problemas relativos ás ciencias sociais mediante a utilización de ecuacións lineais, cuadráticas e reducibles a elas, exponenciais e logarítmicas.
<ul style="list-style-type: none"> <li>MACS1B2.3.3. Realiza unha interpretación contextualizada dos resultados obtidos e exponos con claridade.</li> </ul>	Fai unha interpretación contextualizada dos resultados obtidos e exponos con claridade.
<ul style="list-style-type: none"> <li>MACS1B2.3.1. Utiliza con eficacia a linguaxe alxébrica para representar situacións formuladas en contextos reais.</li> </ul>	Representa situacións formuladas en contextos reais usando a linguaxe alxébrica (sistemas de ecuacións).
<ul style="list-style-type: none"> <li>MACS1B2.3.2. Resolve problemas relativos ás ciencias sociais mediante a utilización de ecuacións ou sistemas de ecuacións.</li> </ul>	É capaz de resolver problemas relativos ás ciencias sociais mediante a utilización de sistemas de ecuacións.
<ul style="list-style-type: none"> <li>MACS1B2.3.3. Realiza unha interpretación contextualizada dos resultados obtidos e exponos con claridade.</li> </ul>	Fai unha interpretación contextualizada dos resultados obtidos e exponos con claridade.

Bloque 3. Análise	
Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MACS1B3.1.1. Analiza funcións expresadas en forma alxébrica, por medio de táboas ou graficamente, e relaciónas con fenómenos cotiáns, económicos, sociais e científicos, extraendo e replicando modelos.</li> </ul>	<p>É capaz de recoñecer as ecuacións e as gráficas de funcións polinómicas e racionais sinxelas, valor absoluto, definidas a anacos, exponenciais e logarítmicas. É capaz de relacionalas con fenómenos cotiáns, económicos, sociais e científicos.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MACS1B3.1.2. Selecciona adecuadamente e razoadamente eixes, unidades e escalas, recoñecendo e identificando os erros de interpretación derivados dunha mala elección, para realizar representacións gráficas de funcións.</li> </ul>	<p>Adopta eixes, unidades, dominio e escalas apropiados a cada caso na realización de representacións gráficas de funcións.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MACS1B3.1.3. Estuda e interpreta graficamente as características dunha función, comprobando os resultados coa axuda de medios tecnolóxicos en actividades abstractas e problemas contextualizados.</li> </ul>	<p>Emprega medios tecnolóxicos para comprobar as súas deducións sobre as propiedades globais das funcións.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MACS1B3.2.1. Obtén valores descoñecidos mediante interpolación ou extrapolación a partir de táboas ou datos, e interprétaos nun contexto.</li> </ul>	<p>Emprega a interpolación ou extrapolación para obter valores descoñecidos, e é quen de interpretalos nun contexto.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MACS1B3.3.1. Calcula límites finitos e infinitos dunha función nun punto ou no infinito para estimar as tendencias dunha función.</li> </ul>	<p>É quen de estimar as tendencias dunha función empregando límites nun punto e no infinito.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MACS1B3.3.2. Calcula, representa e interpreta as asíntotas dunha función en problemas das ciencias sociais.</li> </ul>	<p>É capaz de representar e interpretar as asíntotas dunha función en problemas das ciencias sociais.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MACS1B3.4.1. Examina, analiza e determina a continuidade da función nun punto para extraer conclusións en situacións reais.</li> </ul>	<p>É quen de determinar a continuidade dunha función nun punto, a partir do estudo do seu límite e do valor da función, para extraer conclusións en situacións reais.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MACS1B3.5.2. Aplica as regras de derivación para calcular a función derivada dunha función e obter a recta tanxente a unha función nun punto dado.</li> </ul>	<p>Calcula a función derivada empregando as regras de derivación. Calcula a recta tanxente a unha curva por un punto dado</p>

Bloque 4. Estatística e probabilidade	
Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MACS1B4.1.1. Elabora e interpreta táboas bidimensionais de frecuencias a partir dos datos dun estudo estatístico, con variables numéricas (discretas e continuas) e categóricas.</li> </ul>	<p>Elaboración de táboas bidimensionais de frecuencias cos datos de variables numéricas (discretas ou continuas) ou categóricas.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MACS1B4.1.2. Calcula e interpreta os parámetros estatísticos máis usuais en variables bidimensionais para aplicalos en situacións da vida real.</li> </ul>	<p>Ser quen de calcular a covarianza e o coeficiente de correlación lineal en variables bidimensionais. Ser capaz de interpretar os valores destes parámetros e aplicalos en situacións da vida real.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MACS1B4.1.3. Acha as distribucións marxinais e diferentes distribucións condicionadas a partir dunha táboa de continxencia, así como os seus parámetros, para aplicalos en situacións da vida real.</li> </ul>	<p>Pode calcular os parámetros marxinais (media, varianza e desviación típica) a partires da táboa de dobre entrada para aplicalos en situacións da vida real.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MACS1B4.1.4. Decide se dúas variables estatísticas son ou non estatisticamente dependentes a partir das súas distribucións condicionadas e marxinais, para poder formular conxecturas.</li> </ul>	<p>Estuda o nivel de dependencia de dúas variables para poder formular conxecturas.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MACS1B4.1.5. Avalía as representacións gráficas apropiadas para unha distribución de datos sen agrupar e agrupados, e usa axeitadamente medios tecnolóxicos para organizar e analizar datos desde o punto de vista estatístico, calcular parámetros e xerar gráficos estatísticos.</li> </ul>	<p>Emprega medios tecnolóxicos para organizar e analizar datos desde o punto de vista estatístico e para calcular parámetros e xerar gráficos estatísticos.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MACS1B4.2.1. Distingue a dependencia funcional da dependencia estatística e estima se dúas variables son ou non estatisticamente dependentes mediante a representación da nube de puntos en contextos cotiáns.</li> </ul>	<p>Representa a nube de puntos e interpreta a dependencia lineal ou o grao de dependencia estatística.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MACS1B4.2.2. Cuantifica o grao e o sentido da dependencia lineal entre dúas variables mediante o cálculo e a interpretación do coeficiente de correlación lineal para poder obter conclusións.</li> </ul>	<p>Usa axeitadamente o coeficiente de correlación lineal para cuantificar o grao e o sentido da dependencia lineal entre dúas variables.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MACS1B4.2.3. Calcula e representa as rectas de regresión de dúas variables e obtén predicións a partir delas.</li> </ul>	<p>É quen de calcular e representar as rectas de regresión de dúas variables, e obter predicións a partir delas.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MACS1B4.2.4. Avalía a fiabilidade das predicións obtidas a partir da recta de regresión mediante o coeficiente de determinación lineal en contextos relacionados con fenómenos económicos e sociais.</li> </ul>	<p>Usa axeitadamente o coeficiente de correlación lineal para avaliar a fiabilidade das predicións obtidas a partir da recta de regresión en contextos relacionados con fenómenos económicos e sociais.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MACS1B4.3.1. Calcula a probabilidade de sucesos en experimentos simples e compostos, condicionada ou non, mediante a regra de Laplace, as fórmulas derivadas da axiomática de Kolmogorov e diferentes técnicas de reconto.</li> </ul>	<p>Ser quen de calcular probabilidades de sucesos mediante a regra de Laplace.</p>
	<p>Ser quen de calcular probabilidades de sucesos mediante as fórmulas derivadas da axiomática de Kolmogorov.</p>
	<p>Ser quen de calcular probabilidades de sucesos usando diferentes técnicas de reconto.</p>

## 2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

<b>1. Avaliación e cualificación</b>																
<b>Avaliación</b>	<p><b>Procedementos e instrumentos:</b>                      Achegas de tarefas de forma telemática (exercicios e problemas propostos, tarefas resoltas a través de Calcme e participación en foros da aula virtual) e videoconferencias, se é o caso.                      Cualificacións da primeira e segunda avaliación ou das súas recuperacións, en caso de estar superadas.                      Probas telemáticas de recuperación da 1ª e 2ª avaliación.                      Se o alumnado volve as aulas poderán substituírse as anteriores por probas presenciais.</p>															
<b>Cualificación final</b>	<p><b>Procedemento para obter a cualificación final:</b>                      Media ponderada das dúas primeiras avaliacións máis un máximo de 1,5 puntos obtidos do traballo realizado na terceira avaliación.                      O traballo da 3ª Avaliacion valorarase mediante unha rúbrica na que se cualificarán un total de 10 actividades cunha valoración máxima cada unha de 0,15.  <math>MEDIA=50\%(1ª \text{ avaliación})+50\% (2ª \text{ avaliación})+Puntuación \text{ terceira avaliación}</math>                      Puntuación terceira avaliación: 10 tarefas cunha valoración máxima cada unha de 0,15</p> <table border="1" style="width: 100%; text-align: center;"> <thead> <tr> <th colspan="5"><b>Rúbrica tarefas terceira avaliación</b></th> </tr> <tr> <th>Grao de desenvolvemento</th> <th>Escaso</th> <th>Baixo</th> <th>Alto</th> <th>Excelente</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>Puntuación</td> <td>0 puntos</td> <td>0,05 puntos</td> <td>0,1 puntos</td> <td>0,15 puntos</td> </tr> </tbody> </table>	<b>Rúbrica tarefas terceira avaliación</b>					Grao de desenvolvemento	Escaso	Baixo	Alto	Excelente	Puntuación	0 puntos	0,05 puntos	0,1 puntos	0,15 puntos
<b>Rúbrica tarefas terceira avaliación</b>																
Grao de desenvolvemento	Escaso	Baixo	Alto	Excelente												
Puntuación	0 puntos	0,05 puntos	0,1 puntos	0,15 puntos												
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	<p>Avaliaranse os estándares da primeira e segunda avaliación impartidos na aula ata o 13 de marzo (indicados en cor amarela).</p>															

### 3-METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (RECUPERACIÓN, REFORZO, REPASO, E NO SEU CASO AMPLIACIÓN)

<b>Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	<p>Recuperación, repaso e reforzo: Repaso da materia impartida, visionado de vídeos, notificacións e participacións en foros, realización, presentación e corrección de exercicios de reforzo.</p> <p>Ampliación: Ampliación de contidos a partir de libros de texto, apuntamentos e visionado de vídeos; realización e presentación de exercicios; corrección de tarefas de forma individual e/ou grupal; participación en foros e videoconferencias.</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>Cólganse na aula virtual tarefas, apuntamentos, vídeos e enlaces para a explicación ou repaso de contidos.</p> <p>Establécense tarefas con regularidade, a entregar ou non, que deberá de resolver o alumnado nas súas cadernos e realízase a súa corrección a nivel individual e/ou grupal.</p> <p>Empréganse para notificar avisos o foro de novas da Aula Virtual, de forma grupal e o sistema de mensaxería, de forma individual.</p> <p>Créanse foros de dúbidas na Aula Virtual, para expoñer, alumnado e docentes, de xeito compartido, aqueles aspectos que supoñan dificultades. Tamén se tratan a través de videoconferencias ou do sistema de mensaxería da Aula Virtual.</p> <p>Envíase información o alumnado a través de compañeiros, titores ou orientación para aqueles que poidan ter dificultades de conexión.</p> <p>O alumnado con dificultades de conectividade seguirá a materia polo libro de texto e entregará as tarefas a través do correo electrónico.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Libro de texto, calculadora, cadernos, lapis e papel, material de debuxo, ordenador, móbil ou tablet. Plataforma Calcme.</p> <p>Aula virtual: apuntamentos, actividades, foros, enlaces, vídeos, servizo mensaxería.</p> <p>Videoconferencias: a través da aplicación Cisco Webex.</p> <p>Correo electrónico.</p>

### 4-INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.

<b>2. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<p>Cursos da Aula Virtual</p> <p>Dirección do IES para a publicación na web</p>
<b>Publicidade</b>	<p>Publicación obrigatoria na páxina web do centro.</p>

Valga, 12 de Maio de 2020

Asdo.: Julia Isabel Sainz Vaquero

---

# Adaptación da Programación de Matemáticas I 1º de Bacharelato Departamento de Matemáticas

---

Curso 2019-2020

---

I.E.S. de Valga

12 de Maio 2020

---



## **ÍNDICE**

**1- ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES.**

**2- AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.**

**3- METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (RECUPERACIÓN, REFORZO, REPASO, E NO SEU CASO AMPLIACIÓN)**

**4- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.**

## 1- ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES.

### COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

As competencias clave do currículo son as seguintes:

- a) Comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- c) Competencia dixital (CD).
- d) Aprender a aprender (CAA).
- e) Competencias sociais e cívicas (CSC).
- f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- g) Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Competencias clave	Estándares de aprendizaxe
▪ CCL	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA1B1.1.1. Expresa verbalmente e de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados.</li> <li>▪ MA1B1.7.5. Transmite certeza e seguridade na comunicación das ideas, así como dominio do tema de investigación.</li> <li>▪ MA1B1.14.2. Utiliza os recursos creados para apoiar a exposición oral dos contidos traballados na aula.</li> </ul>
▪ CD	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA1B1.4.3. Emprega as ferramentas tecnolóxicas adecuadas ao tipo de problema, situación para resolver ou propiedade ou teorema para demostrar, tanto na procura de resultados como para a mellora da eficacia na comunicación das ideas matemáticas.</li> <li>▪ MA1B1.13.1. Selecciona ferramentas tecnolóxicas axeitadas e utilízalas para a realización de cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos cando a dificultade destes impida ou non aconselle facelos manualmente.</li> <li>▪ MA1B1.14.1. Elabora documentos dixitais propios (de texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información relevante, coa ferramenta tecnolóxica axeitada, e compárteos para a súa discusión ou difusión.</li> <li>▪ MA1B1.14.3. Usa axeitadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando puntos fortes e débiles do seu proceso educativo, e establecendo pautas de mellora.</li> <li>▪ MA1B1.14.4. Emprega ferramentas tecnolóxicas para compartir ideas e tarefas.</li> </ul>
▪ CAA	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA1B1.2.4. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas.</li> <li>▪ MA1B1.2.5. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas.</li> <li>▪ MA1B1.10.3. Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formularse preguntas e buscar respostas axeitadas, revisar de forma crítica os resultados atopados, etc</li> <li>▪ MA1B1.12.1. Reflexiona sobre os procesos desenvolvidos, tomando conciencia das súas estruturas, valorando a potencia, a sinxeleza e a beleza das ideas e dos métodos utilizados, e aprendendo diso para situacións futuras.</li> <li>▪ MA1B1.14.3. Usa axeitadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando puntos fortes e débiles do seu proceso educativo, e establecendo pautas de mellora.</li> </ul>
▪ CSC	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA1B1.6.2. Procura conexións entre contextos da realidade e do mundo das matemáticas (a historia da humanidade e a</li> </ul>

	<p>historia das matemáticas; arte e matemáticas; tecnoloxías e matemáticas, ciencias experimentais e matemáticas, economía e matemáticas, etc.) e entre contextos matemáticos (numéricos e xeométricos, xeométricosse funcionais, xeométricos e probabilísticos, discretos e continuos, finitos e infinitos, etc.).</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA1B1.8.1. Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese.</li> <li>▪ MA1B1.10.1. Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esforzo, perseveranza, flexibilidade para a aceptación da crítica razoada, convivencia coa incerteza, tolerancia da frustración, autoanálise continua, autocrítica constante, etc.).</li> <li>▪ MA1B1.14.4. Emprega ferramentas tecnolóxicas para compartir ideas e tarefas.</li> </ul>
▪ CSIEE	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA1B1.11.5.2. Planifica axeitadamente o proceso de investigación, tendo en conta o contexto en que se desenvolve e o problema de investigación formulado</li> <li>▪ MA1B1.10.1. Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esforzo, perseveranza, flexibilidade para a aceptación da crítica razoada, convivencia coa incerteza, tolerancia da frustración, autoanálise continua, autocrítica constante, etc.).</li> <li>▪ MA1B1.10.4. Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo.</li> <li>▪ MA1B1.11.1. Toma decisións nos procesos de resolución de problemas, de investigación e de matematización ou de modelización, valorando as consecuencias destas e a conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade.</li> <li>▪ MA1B1.14.4. Emprega ferramentas tecnolóxicas para compartir ideas e tarefas.</li> </ul>
▪ CCEC	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA1B1.6.2. Procura conexións entre contextos da realidade e do mundo das matemáticas (a historia da humanidade e a historia das matemáticas; arte e matemáticas; tecnoloxías e matemáticas, ciencias experimentais e matemáticas, economía e matemáticas, etc.) e entre contextos matemáticos (numéricos e xeométricos, xeométricosse funcionais, xeométricos e probabilísticos, discretos e continuos, finitos e infinitos, etc.).</li> </ul>

Os estándares mencionados pertencen ao bloque un, "Procesos, métodos e actitudes en matemáticas". A súa incorporación dentro dos outros bloques, permitirá a adquisición das competencias clave e garantirá a inclusión de temas interdisciplinares e transversais.

## ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE IMPRESCINDIBLES

Estándares de Reforzoe/ou Recuperación

Estándares de ampliación

Bloque 2. Números e álgebra	
Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA1B2.1.2. Realiza operacións numéricas con eficacia, empregando cálculo mental, algoritmos de lapis e papel, calculadora ou ferramentas informáticas.</li> </ul>	Realiza operacións numéricas con eficacia.
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA1B2.1.3. Utiliza a notación numérica máis adecuada a cada contexto e xustifica a súa idoneidade.</li> </ul>	Usa os diferentes tipos de números de maneira apropiada, xustifica a súa utilidade.
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA1B2.1.5. Coñece e aplica o concepto de valor absoluto para calcular distancias e manexar desigualdades.</li> </ul>	Manexa desigualdades e o valor absoluto para o cálculo de distancias.
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA1B2.3.1. Aplica correctamente as propiedades para calcular logaritmos sinxelos en función doutros coñecidos.</li> </ul>	Coñece e aplica as propiedades dos logaritmos. É capaz de calcular valores de logaritmos en función doutros dados.
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA1B2.3.2. Resolve problemas asociados a fenómenos físicos, biolóxicos ou económicos, mediante o uso de logaritmos e as súas propiedades.</li> </ul>	Resolve problemas asociados a fenómenos físicos, biolóxicos ou económicos, mediante o uso de logaritmos e as súas propiedades.
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA1B2.4.1. Formula alxebricamente as restricións indicadas nunha situación da vida real, estuda e clasifica un sistema de ecuacións lineais formulado (como máximo de tres ecuacións e tres incógnitas), resólveo mediante o método de Gauss, nos casos que sexa posible, e aplícao para resolver problemas.</li> </ul>	Resolve problemas mediante o uso de ecuacións lineais (máximo tres ecuacións e tres incógnitas).
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA1B2.4.2. Resolve problemas nos que se precise a formulación e a resolución de ecuacións (alxébricas e non alxébricas) e inecuacións (primeiro e segundo grao), e interpreta os resultados no contexto do problema.</li> </ul>	Resolve problemas mediante o uso de inecuacións de primeiro ou segundo grao e interpreta os resultados no contexto do problema.

Bloque 4. Xeometría	
Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA1B4.1.1. Coñece e utiliza as razóns trigonométricas dun ángulo, o seu dobre e a metade, así como as do ángulo suma e diferenza doutros dous.</li> </ul>	<p>Utiliza as razóns trigonométricas dun ángulo, o seu dobre e a metade, así como as do ángulo suma e diferenza doutros dous.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA1B4.2.1. Resolve problemas xeométricos do mundo natural, xeométrico ou tecnolóxico, utilizando os teoremas do seno, coseno e tanxente, e as fórmulas trigonométricas usuais, e aplica a trigonometría a outras áreas de coñecemento, resolvendo problemas contextualizados.</li> </ul>	<p>Resolve problemas xeométricos do mundo natural, xeométrico ou tecnolóxico, utilizando os teoremas do seno, coseno e tanxente, e as fórmulas trigonométricas usuais.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA1B4.2.1. Resolve problemas xeométricos do mundo natural, xeométrico ou tecnolóxico, utilizando os teoremas do seno, coseno e tanxente, e as fórmulas trigonométricas usuais, e aplica a trigonometría a outras áreas de coñecemento, resolvendo problemas contextualizados</li> </ul>	<p>É quen de aplicar a trigonometría a outras áreas de coñecemento, resolvendo problemas contextualizados.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA1B4.3.1. Define e manexa as operacións básicas con vectores no plano, utiliza a interpretación xeométrica das operacións para resolver problemas xeométricos e emprega con asiduidade as consecuencias da definición de produto escalar para normalizar vectores, calcular o coseno dun ángulo, estudar a ortogonalidade de dous vectores ou a proxección dun vector sobre outro.</li> </ul>	<p>Resolve problemas xeométricos empregando as operacións básicas con vectores. Normaliza vectores, calcula o coseno dun ángulo e estuda a ortogonalidade empregando a definición de produto escalar.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA1B4.3.2. Calcula a expresión analítica do produto escalar, do módulo e do coseno do ángulo.</li> </ul>	<p>É quen de calcular a expresión analítica do produto escalar, do módulo e do coseno do ángulo.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA1B4.4.1. Calcula distancias entre puntos e dun punto a unha recta, así como ángulos de dúas rectas.</li> </ul>	<p>É capaz de calcular distancias entre puntos e dun punto a unha recta, así como ángulos de dúas rectas.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA1B4.4.2. Obtén a ecuación dunha recta nas súas diversas formas, identificando en cada caso os seus elementos característicos.</li> </ul>	<p>Pode obter a ecuación dunha recta nas súas diversas formas. En cada unha das expresión pode extraer os elementos característicos.</p>

Bloque 3. Análise	
Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución
<ul style="list-style-type: none"> <li>MA1B3.1.1. Recoñece analiticamente e graficamente as funcións reais de variable real elementais e realiza analiticamente as operacións básicas con funcións.</li> </ul>	<p>É capaz de recoñecer as ecuacións e as gráficas de funcións polinómicas e racionais sinxelas, valor absoluto, definidas a anacos, trigonométricas, exponenciais e logarítmicas. Comprende os conceptos de suma, produto e cociente de funcións, así como a composición. Obtén inversas de funcións sinxelas.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>MA1B3.1.2. Selecciona adecuadamente e de maneira razoada eixes, unidades, dominio e escalas, e recoñece e identifica os erros de interpretación derivados dunha mala elección.</li> </ul>	<p>Adopta eixes, unidades, dominio e escalas apropiados a cada caso.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>MA1B3.1.3. Interpreta as propiedades globais e locais das funcións, comprobando os resultados coa axuda de medios tecnolóxicos en actividades abstractas e problemas contextualizados.</li> </ul>	<p>Emprega medios tecnolóxicos para comprobar as súas deducións sobre as propiedades globais das funcións.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>MA1B3.2.1. Comprende o concepto de límite, realiza as operacións elementais do seu cálculo, aplica os procesos para resolver indeterminacións e determina a tendencia dunha función a partir do cálculo de límites.</li> </ul>	<p>Resolve indeterminacións e determina a tendencia dunha función a partir do cálculo de límites.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>MA1B3.2.2. Determina a continuidade da función nun punto a partir do estudo do seu límite e do valor da función, para extraer conclusións en situacións reais.</li> </ul>	<p>É quen de determinar a continuidade dunha función nun punto a partir do estudo do seu límite e do valor da función.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>MA1B3.3.3. Determina o valor de parámetros para que se verifiquen as condicións de continuidade dunha función nun punto.</li> </ul>	<p>É quen de determinar a continuidade dunha función nun punto en función do valor dun parámetro.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>MA1B3.2.3. Coñece as propiedades das funcións continuas e representa a función nun ámbito dos puntos de discontinuidade.</li> </ul>	<p>Utiliza os coñecementos sobre continuidade e propiedades das funcións para representalas entorno aos puntos de discontinuidade (por exemplo comportamentos asíntóticos).</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>MA1B3.3.1. Calcula a derivada dunha función usando os métodos axeitados e emprégaa para estudar situacións reais e resolver problemas.</li> </ul>	<p>Estuda situacións reais e resolve problemas empregando o concepto de derivada dunha función nun punto (entre eles o cálculo da recta tanxente a unha curva por un punto dado).</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>MA1B3.3.2. Deriva funcións que son composición de varias funcións elementais mediante a regra da cadea.</li> </ul>	<p>Emprega a regra da cadea para obter a función derivada dunha función dada.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>MA1B3.3.3. Determina o valor de parámetros para que se verifiquen as condicións de continuidade e derivabilidade dunha función nun punto.</li> </ul>	<p>É quen de determinar a continuidade e/ou a derivabilidade dunha función nun punto en función do valor dun ou dous parámetros.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>MA1B3.4.1. Representa graficamente funcións, despois dun estudo completo das súas características mediante as ferramentas básicas da análise.</li> </ul>	<p>É quen de representar graficamente funcións, utilizando os coñecementos adquiridos.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>MA1B3.4.2. Utiliza medios tecnolóxicos axeitados para representar e analizar o comportamento local e global das funcións.</li> </ul>	<p>Emprega medios tecnolóxicos para representar gráficas de funcións.</p>

<b>Bloque 5. Estatística e probabilidade</b>	
Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA1B5.1.1. Elabora táboas bidimensionais de frecuencias a partir dos datos dun estudo estatístico, con variables numéricas (discretas e continuas) e categóricas.</li> </ul>	Elaboración de táboas bidimensionais de frecuencias cos datos de variables numéricas (discretas ou continuas) ou categóricas.
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA1B5.1.2. Calcula e interpreta os parámetros estatísticos máis usuais en variables bidimensionais.</li> </ul>	Ser quen de calcular a covarianza e o coeficiente de correlación lineal en variables bidimensionais. Ser capaz de interpretar os valores destes parámetros.
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA1B5.1.3. Calcula as distribucións marxinais e distribucións condicionadas a partir dunha táboa de continxencia, así como os seus parámetros (media, varianza e desviación típica).</li> </ul>	Pode calcular os parámetros marxinais (media, varianza e desviación típica) a partires da táboa de dobre entrada.
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA1B5.1.4. Decide se dúas variables estatísticas son ou non dependentes a partir das súas distribucións condicionadas e marxinais.</li> </ul>	Estuda o nivel de dependencia de dúas variables.

## 2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

<b>1. Avaliación e cualificación</b>																
<b>Avaliación</b>	<p><b>Procedementos e Instrumentos:</b>                      Achegas de tarefas e participación en foros na aula virtual, correo electrónico e videoconferencia                      Cualificacións da 1ª e 2ª Avaliación xa superadas                      Probas telemáticas de recuperación da 1ª e 2ª avaliación  <b>Se o alumnado volve as aulas poderá substituírse as anteriores por probas presenciais</b>                      Tarefas de ampliación da terceira avaliación:                          Exercicios                          Traballos en geogebra, videos didácticos e presentacións                      Para a preparación do próximo curso fanse probas telemáticas da parte de análise cun peso moito maior que as achegas de exercicios  <b>Se o alumnado volve as aulas poderá substituírse ó anterior por probas presenciais</b></p>															
<b>Cualificación final</b>	<p><b>Procedemento para obter a cualificación final de curso:</b>                      Media ponderada das dúas primeiras avaliacións máis un máximo de 1,5 puntos obtidos do traballo realizado na terceira avaliación mediante unha rúbrica composta por 10 actividades cunha valoración cada unha de 0,15.                      MEDIA=50%(1ª avaliación)+50% (2ªavaliación)+Puntuación terceira avaliación                      Puntuación terceira avaliación: 10 tarefas cunha valoración cada unha de 0,15</p> <table border="1" style="width: 100%; text-align: center;"> <thead> <tr> <th colspan="5"><b>Rúbrica tarefas terceira avaliación</b></th> </tr> <tr> <th>Grao de desenvolvemento</th> <th>Escasa</th> <th>Baixo</th> <th>Alto</th> <th>Excelente</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>Puntuación</td> <td>0 puntos</td> <td>0,05 puntos</td> <td>0,1 puntos</td> <td>0,15 puntos</td> </tr> </tbody> </table>	<b>Rúbrica tarefas terceira avaliación</b>					Grao de desenvolvemento	Escasa	Baixo	Alto	Excelente	Puntuación	0 puntos	0,05 puntos	0,1 puntos	0,15 puntos
<b>Rúbrica tarefas terceira avaliación</b>																
Grao de desenvolvemento	Escasa	Baixo	Alto	Excelente												
Puntuación	0 puntos	0,05 puntos	0,1 puntos	0,15 puntos												
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	<p>Avaliaranse os estándares da primeira e segunda avaliación impartidos na aula ata o 13 de marzo. Polo tanto ata o tema de rectas inclusive.                      A proba consta de dúas partes:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Parte obrigatoria: números e álgebra, vectores e rectas</li> <li>• Parte optativa: <u>Trigonometría e complexos ou Análise</u>  <i>O alumnado escollerá unha soa das opcións</i></li> </ul>															



### 3-METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (RECUPERACIÓN, REFORZO, REPASO, E NO SEU CASO AMPLIACIÓN)

<b>Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	<p>Repaso e reforzo: Realización de boletíns de exercicios e observación de vídeos, presentacións ou enlaces web para práctica de exercicios simples</p> <p>Participación en foros de dúbidas e corrección de exercicios.</p> <p>Ampliación: Exercicios, correccións individuais e entrega e discusión en foro e videoconferencia.</p> <p>Publicación de solucionarios ó remate do tema.</p> <p>Pequenos proxectos de carácter voluntario: videos, presentacións e arquivos de xeografía</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>Cólgase na aula virtual o material: Vídeos feitos pola profesora e outros de carácter didáctico. Establécense tarefas con regularidade</p> <p>Crease un espazo común para discutir e subir exercicios de xeito compartido. Danse videoconferencias para explicar, corrixir e practicar exercicios</p> <p>Envíase información o alumnado a través de compañeiros, titores ou orientadora para aqueles que non se conectan. O alumnado sen conectividade seguirá a materia polo libro de texto e entregará as tarefas a través do correo electrónico ou no IES se fora posible</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Materiais: Libro de texto, calculadora, lapis e papel, material de debuxo, ordenador e móbil</p> <p>Aula virtual. Recursos online propios e alleos e recursos do libro de texto. Videoconferencia</p>

### 4-INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.

<b>2. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<p>Cursos da Aula Virtual</p> <p>Dirección do IES para a publicación na web</p>
<b>Publicidade</b>	<p>Publicación obrigatoria na páxina web do centro.</p>

Valga, 12 de Maio de 2020

Asdo.: Julia Isabel Sainz Vaquero

---

# Adaptación Programación de Matemáticas II 2º de Bacharelato Departamento de Matemáticas

---

Curso 2019-2020

---

I.E.S. de Valga

12 de Maio 2020

---

## **ÍNDICE**

- 1- ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES.**
- 2- AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.**
- 3- METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (RECUPERACIÓN, REFORZO, REPASO, E NO SEU CASO AMPLIACIÓN)**
- 4- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.**

## 1- ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES.

### COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

As competencias clave do currículo son as seguintes:

- a) Comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- c) Competencia dixital (CD).
- d) Aprender a aprender (CAA).
- e) Competencias sociais e cívicas (CSC).
- f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- g) Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Competencias clave	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1.1.1. Expresa verbalmente e de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados.</li> <li>▪ B1.1.7.5. Transmite certeza e seguridade na comunicación das ideas, así como dominio do tema de investigación.</li> <li>▪ B1.14.2. Utiliza os recursos creados para apoiar a exposición oral dos contidos traballados na aula.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4.3. Emprega as ferramentas tecnolóxicas adecuadas ao tipo de problema, situación para resolver ou propiedade ou teorema para demostrar, tanto na procura de resultados como para a mellora da eficacia na comunicación das ideas matemáticas.</li> <li>▪ B1.13.1. Selecciona ferramentas tecnolóxicas axeitadas e utilízalas para a realización de cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos cando a dificultade destes impida ou non aconselle facelos manualmente.</li> <li>▪ B1.14.1. Elabora documentos dixitais propios (de texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información relevante, coa ferramenta tecnolóxica axeitada, e compárteos para a súa discusión ou difusión.</li> <li>▪ B1.14.3. Usa axeitadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando puntos fortes e débiles do seu proceso educativo, e establecendo pautas de mellora.</li> <li>▪ B1.14.4. Emprega ferramentas tecnolóxicas para compartir ideas e tarefas.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2.4. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas.</li> <li>▪ B1.2.5. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas.</li> <li>▪ B1.10.3. Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formularse preguntas e buscar respostas axeitadas, revisar de forma crítica os resultados atopados, etc</li> <li>▪ B1.12.1. Reflexiona sobre os procesos desenvolvidos, tomando conciencia das súas estruturas, valorando a potencia, a sinxeleza e a beleza das ideas e dos métodos utilizados, e aprendendo diso para situacións futuras.</li> <li>▪ B1.14.3. Usa axeitadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando puntos fortes e débiles do seu proceso educativo, e establecendo pautas de mellora.</li> </ul>

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.6.2. Procura conexións entre contextos da realidade e do mundo das matemáticas (a historia da humanidade e a historia das matemáticas; arte e matemáticas; tecnoloxías e matemáticas, ciencias experimentais e matemáticas, economía e matemáticas, etc.) e entre contextos matemáticos (numéricos e xeométricos, xeométricos e funcionais, xeométricos e probabilísticos, discretos e continuos, finitos e infinitos, etc.).</li> <li>▪ B1.8.1. Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese.</li> <li>▪ B1.10.1. Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esforzo, perseveranza, flexibilidade para a aceptación da crítica razoada, convivencia coa incerteza, tolerancia da frustración, autoanálise continua, autocrítica constante, etc.).</li> <li>▪ B1.14.4. Emprega ferramentas tecnolóxicas para compartir ideas e tarefas.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1.5.2. Planifica axeitadamente o proceso de investigación, tendo en conta o contexto en que se desenvolve e o problema de investigación formulado</li> <li>▪ B1.10.1. Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esforzo, perseveranza, flexibilidade para a aceptación da crítica razoada, convivencia coa incerteza, tolerancia da frustración, autoanálise continua, autocrítica constante, etc.).</li> <li>▪ B1.10.4. Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo.</li> <li>▪ B1.11.1. Toma decisións nos procesos de resolución de problemas, de investigación e de matematización ou de modelización, valorando as consecuencias destas e a conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade.</li> <li>▪ B1.14.4. Emprega ferramentas tecnolóxicas para compartir ideas e tarefas.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.6.2. Procura conexións entre contextos da realidade e do mundo das matemáticas (a historia da humanidade e a historia das matemáticas; arte e matemáticas; tecnoloxías e matemáticas, ciencias experimentais e matemáticas, economía e matemáticas, etc.) e entre contextos matemáticos (numéricos e xeométricos, xeométricos e funcionais, xeométricos e probabilísticos, discretos e continuos, finitos e infinitos, etc.).</li> </ul>

Os estándares mencionados pertencen ao bloque un, "Procesos, métodos e actitudes en matemáticas". A súa incorporación dentro dos outros bloques, permitirá a adquisición das competencias clave e garantirá a inclusión de temas interdisciplinares e transversais.

## 5. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES: TEMPORALIZACIÓN E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN

### Estándares de Reforzamento e ou Recuperación

### Estándares de ampliación

Bloque 2. Números e álgebra	
Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución
<ul style="list-style-type: none"> <li>MA2B2.1.1. Utiliza a linguaxe matricial para representar datos facilitados mediante táboas ou grafos e para representar sistemas de ecuacións lineais, tanto de xeito manual como co apoio de medios tecnolóxicos axeitados.</li> </ul>	Utiliza as matrices para organizar e representar datos extraídos de diversas situacións en casos moi sinxelos e opera con elas para resolvelos.
<ul style="list-style-type: none"> <li>MA2B2.1.2. Realiza operacións con matrices e aplica as propiedades destas operacións adecuadamente, de xeito manual ou co apoio de medios tecnolóxicos.</li> </ul>	Cofece os distintos tipos de matrices (fila, columna, cadrada, diagonal, triangular, nula, identidade, trasposta, simétrica e antisimétrica) e as operacións con elas (suma, produto por un escalar, produto de matrices e a non conmutatividade do produto).
<ul style="list-style-type: none"> <li>MA2B2.1.2. Realiza operacións con matrices e aplica as propiedades destas operacións adecuadamente, de xeito manual ou co apoio de medios tecnolóxicos.</li> </ul>	Calcula determinantes de orde 2 ou 3 utilizando a regra de Sarrus. Calcula determinantes desenvolvendo polos elementos dunha liña. Cofece as propiedades dos determinantes e sabe aplicalas ao cálculo deles.
<ul style="list-style-type: none"> <li>MA2B2.2.1. Determina o rango dunha matriz, ata orde 4, aplicando o método de Gauss ou determinantes.1</li> </ul>	Calcula o rango dunha matriz ata dimensión 4x4 utilizando o método de Gauss e a partir dos seus menores. Calcula o rango de matrices dependentes dun parámetro ata dimensión 4x4.
<ul style="list-style-type: none"> <li>MA2B2.2.2. Determina as condicións para que unha matriz teña inversa e calcúlala empregando o método máis axeitado.</li> </ul>	Obtén a matriz inversa (ata matrices de orde 3x3) utilizando determinantes e polo método de Gauss.
<ul style="list-style-type: none"> <li>MA2B2.2.3. Resolve problemas susceptibles de seren representados matricialmente e interpreta os resultados obtidos.</li> </ul>	Resolve ecuacións, sistemas matriciais e problemas que se poidan representar matricialmente.
<ul style="list-style-type: none"> <li>MA2B2.1.1. Utiliza a linguaxe matricial para representar datos facilitados mediante táboas ou grafos e para representar sistemas de ecuacións lineais, tanto de xeito manual como co apoio de medios tecnolóxicos axeitados.</li> </ul>	É quen de expresar un sistema de ecuacións lineais na forma matricial.
<ul style="list-style-type: none"> <li>MA2B2.2.4. Formula alxebricamente as restricións indicadas nunha situación da vida real, estuda e clasifica o sistema de ecuacións lineais formulado, resólveo nos casos en que sexa posible (empregando o método máis axeitado), e aplica para resolver problemas.</li> </ul>	Clasifica (compatible determinado, compatible indeterminado, incompatible) un sistema de ecuacións lineais con non máis de tres incógnitas e que dependa ao sumo dun parámetro e no seu caso resólveo. Aplica para resolver problemas.

Bloque 4. Xeometría e probabilidade	
Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B4.1.1. Realiza operacións elementais con vectores, manexando correctamente os conceptos de base e de dependencia e independencia lineal, e define e manexa as operacións básicas con vectores no espazo, utilizando a interpretación xeométrica das operacións con vectores para resolver problemas xeométricos.</li> </ul>	<p>É quen de operar con vectores no espazo e aplicar correctamente os conceptos de dependencia e independencia lineal.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B4.3.1. Manexa o produto escalar e vectorial de dous vectores, o significado xeométrico, a expresión analítica e as propiedades.</li> </ul>	<p>Sabe definir e interpretar xeometricamente o produto escalar de dous vectores e o produto vectorial de dous vectores. Coñece as propiedades e a súa aplicación para o cálculo de áreas de triángulos e paralelogramos.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B4.3.2. Coñece o produto mixto de tres vectores, o seu significado xeométrico, a súa expresión analítica e as propiedades.</li> </ul>	<p>Sabe definir e interpretar xeometricamente o produto mixto de tres vectores. Coñece as propiedades e a súa aplicación para o cálculo de volumes de tetraedros e paralelepípedos.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B4.2.1. Expressa a ecuación da recta das súas distintas formas, pasando dunha a outra correctamente, identificando en cada caso os seus elementos característicos, e resolvendo os problemas afíns entre rectas.</li> </ul>	<p>Calcula e identifica as distintas ecuacións dunha recta e sabe pasar dunha ecuación a outra.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B4.2.2. Obtén a ecuación do plano nas súas distintas formas, pasando dunha a outra correctamente, identificando en cada caso os seus elementos característicos.</li> </ul>	<p>Calcula e identifica as distintas ecuacións dun plano e sabe pasar dunha ecuación a outra.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B4.2.3. Analiza a posición relativa de planos e rectas no espazo, aplicando métodos matriciais e alxébricos.</li> </ul>	<p>Determina a posición relativa de dúas rectas, dous planos, unha recta e un plano e tres planos. Resolve problemas de incidencia e paralelismo entre rectas e planos.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B4.2.4. Obtén as ecuacións de rectas e planos en diferentes situacións.</li> </ul>	<p>Determina un punto, unha recta ou un plano a partir das propiedades que os definan (por exemplo: punto simétrico doutro con respecto a unha recta ou a un plano, recta que pasa por dous puntos, plano que contén dúas rectas que se cortan etc.).</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B4.3.3. Determina ángulos, distancias, áreas e volumes utilizando os produtos escalar, vectorial e mixto, aplicándoos en cada caso á resolución de problemas xeométricos.</li> </ul>	<p>Resolver problemas métricos, angulares e de perpendicularidade (distancia entre puntos, rectas e planos, ángulos entre rectas, entre recta e plano e entre planos etc.).</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B4.3.4. Realiza investigacións utilizando programas informáticos específicos para seleccionar e estudar situacións novas da xeometría relativas a obxectos como a esfera.</li> </ul>	<p>É quen de utilizar programas informáticos (como geogebra) para realizar investigacións xeométricas.</p>

Bloque 3. Análise	
Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución
<ul style="list-style-type: none"> <li>MA2B3.1.1. Coñece as propiedades das funcións continuas e representa a función nun ámbito dos puntos de discontinuidade.</li> </ul>	Sabe aplicar os conceptos de límite dunha función nun punto e de límites laterais para estudar a continuidade dunha función (se é discontinua, clasificar a discontinuidade) e a obtención de asíntotas verticais, horizontais e oblicuas.
